



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2011 13:20
Nº Rexistro: 62460
Data envío: 21/03/2011 13:20:59.179

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a instancias das deputadas **María do Carme Adán Villamarín** e **Teresa Táboas Veleiro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

Exposición de motivos

Segundo tivo coñecemento este grupo parlamentar, o CEIP Amor Ruibal de Barro ten unha serie de deficiencias que dificulta moito o normal desenvolvemento das actividades docentes. Algún exemplo das mesmas son as seguintes: as uralitas que cobren os patios presentan un aspecto lamentábel; as calexas de recollida da auga están picadas e as baixadas, cando existen, rotas; a escalinata de acceso ao recinto, así como as varandas que hai no mesmo, supoñen un perigo para os nenos e nenas ou a propia inexistencia de aseos a carón do comedor para que os nenos e nenas poidan usalos para o seu aseo. Asemade o recinto escolar é moi pequeno e dificulta a realización de actividades.

Xa, en xaneiro de 2009, a instancias do grupo municipal do BNG, aprobouse unha Moción no Pleno da Corporación na que se urxía á Consellaría de Educación a facer unha reforma integral do colexio e, ao goberno local do PP, a acometer as obras de mantemento necesarias, mellorar a seguridade e accesibilidade do recinto, e adoptar as medidas urbanísticas que fosen precisas para ampliar o recinto escolar a un mínimo de 1000 m².



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2011 13:20
Nº Rexistro: 62460
Data envío: 21/03/2011 13:20:59.179

Pasados dous anos a maioría das obras seguen sen realizarse, por isto, presentase a seguinte Proposición non de Lei:

"O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a acometer a reforma integral do CEIP *Amor Ruibal* de Barro para adaptalo ás necesidades educativas do alumnado"

Santiago de Compostela, a 21 de marzo de 2011

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín

Teresa Táboas Veleiro

Deputadas do G.P. do BNG.

Carlos Aymerich Cano

Portavoz do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 21/03/2011 12:48:34

Teresa Táboas Veleiro na data 21/03/2011 12:48:39

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 21/03/2011 12:48:43